

**Departamento de Filosofía**

IES Vilanova de Arousa – Curso 2019-20

**PSICOLOXÍA 2º BACHARELATO**
**UNIDADE 3 – EXAME CONTIDOS TEÓRICOS (b) – PÁXINA 41**
**Instrucións:**

Deberás relacionar os síntomas e desordes psicolóxicos cos termos correspondentes, sinalando nos recadros que letra vai unida a cada un dos 15 números. Cada relación completa acertada: 0,10 puntos.

NOTA MÁXIMA TOTAL: 1,5 PUNTOS

**NOME, APELIDOS E CURSO:**
**Tempo estimado de execución**

45 minutos

1. Necesidade de infrinxir dano a outra persoa para excitarse sexualmente.	a) Delirio de grandeza.
2. Prodúcese en ausencia dun estímulo apropiado á experiencia que a persoa ten.	b) Delirium tremens.
3. Condutas e fantasías que implican a actividade sexual dun adulto cun neno.	c) Depresión.
4. Mexarse na cama.	d) Dislexia.
5. Exaxerada valoración da importancia, o poder, o coñecemento ou a identidade persoais.	e) Enurese.
6. Necesidade de consumir grandes cantidades de comida. A persoa vese invadida por sentimentos de culpa e mitiga os efectos producíndose vómitos.	f) Esquizofrenia.
7. Aparece en alcohólicos durante o síndrome de abstinencia. Caracterízase por axitación motora, desorientación, medo intenso, alucinacións.	g) Obsesións.
8. Estado emocional caracterizado por reaccións de medo e aprensión anticipatoria de perigo ou ameaza, acompañados de activación do sistema nervioso autónomo.	h) Paidofilia.
9. Ideas, pensamentos ou imaxes, persistentes e absurdos, non vividos como voluntarios, senón como ideas que invaden a conciencia.	i) Paranoia.
10. Rexeitamento contundente a manter o peso corporal por riba do valor mínimo normal. Medo intenso a gañar peso ou engordar.	j) Psicópata.
11. Trastorno afectivo caracterizado por tristeza, pranto, perda de enerxía, desilusión, desánimo, sentimentos de desvalorización e alteracións do sono e do desexo sexual.	k) Sadismo.
12. Trastorno que se caracteriza por enganos ilusorios (delirios de grandeza) e por ideas de persecución imaxinarias.	l) Alucinación.
13. Individuo incapaz de experimentar ansiedade ou sentimentos de remordemento e/ou culpa.	m) Anorexia nerviosa.
14. Dificultade na aprendizaxe da lingua en nenos maiores de sete anos sen deficiencias sensoriais ou lesións neurolóxicas.	n) Ansiedade.
15. Alteración do pensamento caracterizada por unha deformación completa da realidade: ideas delirantes, despersonalización, alucinacións sen base sensorial, ambivalencia afectiva, repetición sen sentido de certos movementos, etc.	o) Bulimia.

NÚMERO	LETRA	NÚMERO	LETRA	NÚMERO	LETRA
1		6		11	
2		7		12	
3		8		13	
4		9		14	
5		10		15	